



Concello de Meaño



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE MEAÑO (NIF P3602700A) E A ASOCIACION UNION MUSICAL DE MEAÑO (CIF G36143857) PARA A DIRECCIÓN MUSICAL DA BANDA UNIÓN MUSICAL DE MEAÑO. EXERCIZO 2024.

En Meaño, REUNIDOS:

Dunha parte, D. Carlos Viéitez Fernandez, con DNI nº ****972**, actuando en nome e representación do Concello de Meaño, na súa calidade de alcalde, en virtude das facultades representativas que lle atribúe a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

De outra parte, D^a Olga Pérez Sanmartín, con DNI nº ****410**, na súa calidade de Presidenta da Asociación Unión Musical de Meaño (o cal acredita mediante certificación da Secretaría da Asociación).

Atendendo ao disposto no artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que esixe para que as disposicións dinerarias realizadas polas entidades locais teñan a condición de subvencións que estas non teñan contraprestación directa do beneficiario, que estean suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, cumprindo as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que estas condutas teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións





Concello de Meaño

nominativas, ambas partes na representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecéndose reciprocamente plena capacidade para a sinatura do presente **CONVENIO EXPOÑEN:**

PRIMEIRO.- Que o Concello de Meaño ten, como unha das súas competencias, a promoción da cultura, de acordo co previsto no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e no artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O Concello de Meaño apoia todas aquelas iniciativas conducentes ao desenvolvemento de accións que contribúan a promoción, conservación e difusión da nosa cultura e a afección á música así como o mantemento e potenciación daquelas actividades culturais que impliquen a promoción do Concello de Meaño e, en xeral, das distintas manifestacións artísticas.

A Asociación Unión Musical de Meaño e o Concello de Meaño pretenden con este convenio potenciar e coordinar actuacións de promoción e difusión cultural no ámbito da música.

SEGUNDO.- O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o Concello Meaño e Unión Musical de Meaño coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos da dirección musical da Banda Unión Musical de Meaño co fin de manter e seguir mellorando esta actividade.

Para elo o Concello de Meaño comprométese a destinar as cantidades que se recollen na Base XII de execución do Orzamento municipal do ano 2024, na que se recolle a seguinte subvención nominativa, que figura no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027 do Concello de Meaño:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
334.480.01	Asoc. Unión Musical de Meaño	Director/conxunto musical	12.000,00 €
	CIFG36143857	Fomento da cultura	

TERCEIRO.- ue a Asociación Unión Musical de Meaño ten, dentro dos seus fins principais, o seguinte:

*O fomento da afección á música.

Por todo o anterior, ambas as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de





Concello de Meaño

colaboración en base con base nas seguintes **CLAUSULAS:**

PRIMEIRA.- O obxecto do presente Convenio é regular a colaboración entre o Concello de Meaño e a Asociación Unión Musical de Meaño, mediante unha subvención directa, coa finalidade de fomentar a promoción, conservación e difusión da nosa cultura e afección á música entre os veciños do noso Concello de acordo coas competencias propias do Concello e os fins que caracteriza á Asociación Unión Musical de Meaño, contribuíndo o Concello de Meaño ao financiamento dos gastos do director musical da Banda de Música Unión Musical de Meaño.

SEGUNDA.- A Asociación Unión Musical de Meaño deberá:

- 1) Carecer de ánimo de lucro.
- 2) Realizar as actividades subvencionadas segundo as normas de funcionamento da propia Asociación e as directrices que sinale o Concello.
- 3) Cumprir os requisitos e condicións que determinan a concesión da axuda.
- 4) Admitir nas actividades a que se refire a subvención con carácter prioritario aos veciños de Meaño.
- 5) Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poda facer o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, aportando tanta información sexa requirida no exercicio de súas actuacións.
- 6) No desenvolvemento destas actividades farase a debida publicidade onde figure o patrocinio das mesmas por parte do Concello de Meaño.
- 7) Non ter débedas co Concello de Meaño.
- 8) Comunicar ao concello de Meaño a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie as actividades que se subvencionan a través do presente convenio. O importe da subvención concedida polo concello en ningún caso será de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos, supere o custo da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos concedidos polo Concello





Concello de Meaño

- 9) O desenvolvemento das actividades da dirección da banda non implicará relación laboral ou de natureza similar entre a persoa que vaia desenvolver as tarefas de director musical da Banda de Música Unión Musical de Meaño e o Concello de Meaño, de tal xeito que ao Concello de Meaño non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos en ditas tarefas de dirección musical da Banda de Música.

TERCEIRA.-O Concello de Meaño comprométese a colaborar no financiamento do director cunha subvención máxima de 12.000,00 € no ano 2024, con cargo á partida 334.480.01 do Orzamento municipal 2024.

CUARTA.-XUSTIFICACIÓN.

Para percibir a subvención deberán presentar a seguinte documentación, **obrigatoriamente** por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Meaño, co enderezo **concellodemearno.sedelectronica.gal**, a través da instancia xenérica dispoñible e a que se achegará a seguinte documentación:

- * Declaración da Presidencia da Asociación das actividades realizadas no período a xustificar asinada electrónicamente.

A necesidade dos gastos de transporte, viaxes, etc que se deriven da actividade deberán xustificarse na declaración da presidencia.

No caso de que un mesmo gasto poida aplicarse a mais dun proxecto ou actividade, ou ben o mesmo non sexa aplicable ao 100% a proxecto/ actividade/finalidade a que se refire este Convenio, explicarase o método seguido para o cálculo do gasto imputado, por exemplo: no caso de atender a usuarios/ beneficiarios de varios concellos en atención a número de usuarios/ beneficiarios do Concello de Meaño; no caso de nóminas atendendo ao número de horas empregado polo traballador nas actividades subvencionadas; etc.

- * Facturas, indicando o número de unidades, os prezos unitarios e o custo total de cada unha, relacionadas coa actividade subvencionada. De tratarse de gastos de monitores ou director presentaran nóminas, facturas ou liquidacións debidamente asinada polo beneficiario en a que se reflexen os datos persoais, concepto e o importe íntegro da prestación, o importe da retención





Concello de Meaño

correspondente ao IRPF e o importe líquido a percibir polo interesado e deberá achegarse o modelo 111 e a Relación Nominal de Traballadores (de ser o caso).

Estes documentos probatorios estarán conformados electronicamente polo/a Presidente/a da asociación, con indicación do DNI.

Os gastos de transporte, viaxes, etc que se deriven da participación en eventos, actuacións, xuntanzas, etc deberán xustificarse achegando, ademáis da documentación xeral establecida (facturas e xustificantes de pago): cartel, anuncio ou certificado expedido polo organizador no que figure a asociación, data e lugar do evento, xuntanza, etc.

As facturas deberán de cumprir coa normativa de facturación.

* Certificación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Facenda do Estado, Facenda da Comunidade Autónoma e fronte á Seguridade Social).

* Declaración-certificación asinada electronicamente polo Presidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a da Asociación, segundo Anexo I que se achega.

* Conta xustificativa do gasto, segundo Anexo II que se achega, asinada electrónicamente

* Certificación bancaria na que conste a titularidade da conta bancaria da asociación.

* Acreditación de ter realizado o pago dos gastos xustificandos; cando o importe supere o 500,00 € só se admitirá como xustificante de pago a transferencia bancaria.

* Acreditación de contar co seguro de responsabilidade civil e ao corrente do seu pago (No caso de non xustificalo para a anualidade completa no intre de formalizar o convenio).

* Xustificación da publicidade onde figure o patrocinio das mesmas por parte do Concello de Meaño con escudo do Concello e texto Concello de Meaño (Vestuario, notas de prensa, material de divulgación, papelería, lonas publicitarias, páxina web e redes sociais de asociación, etc.)

*O Concello de Meaño poderá consultar e/ou poñer en coñecemento da Axencia Tributaria, da Seguridade Social ou de calquera outro organismo/ administración competente, as dúbidas ou incidencias que xurdan en relación coas facturas, nóminas e/ou pagos que se presenten para a xustificación da axuda concedida.

Si a documentación presentada non reúne os requisitos esixidos requirirase á asociación, de





Concello de Meaño

conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos.

No caso de non enmendar no citado prazo, darase un novo e improrrogable prazo de 5 días hábiles.

De non enmendar os defectos nos citados prazos terase por desistida a solicitude, que se arquivará sen máis trámite.

Á vista da documentación xustificativa presentada, a Xunta de Goberno estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, e procederá , no seu caso ó recoñecemento e pago da mesma.

O aboamento da subvención ou axuda farase efectivo por medio de ingreso na conta bancaria da entidade financeira que conste no Rexistro de Asociacións do concello sinalada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

O prazo de xustificación rematará o día 20 de decembro do ano en curso. De non xustificarse en dito prazo perderase o dereito a esixila.

A entidade beneficiaria deberá conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, co fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.

QUINTA.- A Asociación Unión Musical de Meaño queda sometida á responsabilidade e ó réxime sancionador establecido no artigo 40 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais así como no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SEXTA.- Para o cumprimento do presente convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada pola Concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deportes, ocupación do tempo libre, turismo e comercio, un/unha empregado/a pública do Concello de Meaño e o presidente da Asociación Unión Musical de Meaño .





Concello de Meaño

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, de ser o caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

SÉTIMA.- O Concello de Meaño resérvase o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos así como a supervisar a efectiva realización das memas, e a entender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

O Concello de Meaño poderá revogar as axudas previstas neste convenio nos seguintes casos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impidiran.

- Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade a subvencionar.

- Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión.

- Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.

- Non asinar o convenio no prazo sinalado polo Concello.

O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

OITAVA .- O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura estendéndose a duración do mesmo ata o día 20 de decembro. Non obstante o mesmo abarcará as actuacións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o comezo do corrente ano (2024).

NOVENA.- O presente convenio ten natureza administrativa e elaborase no marco Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; rexéndose polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola lexislación sinalada. Será competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMA.- De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención articulada no mesmo serán comunicados á Base de datos





Concello de Meaño

nacional de subvencións do Ministerio de Hacienda.

O presente Convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

En proba de conformidade asinan o presente Convenio, no lugar e data anteriormente indicada.

O ALCALDE

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN

